

O xoves, 31 de marzo, 7 alumnos e alumnas do IES Ribadeo Dionisio Gamallo asistiron en Madrid ao *I Seminario de Jóvenes Talentos*, que reconece o esforzo e rendemento dos mellores expedientes de 1º e 2º de bacharelato nunha xornada plena de ponencias e charlas informais con personalidades do mundo da cultura, o deporte e a empresa.

Este *I International Young Talent Seminar* tivo como protagonistas das ponencias e do networking a:

Manuel Domínguez-Rodrigo, paleontólogo e codirector das excavacións arqueolóxicas de Olduvai. A súa ponencia versou sobre a orixe da intelixencia humana e a súa relación co talento: Que foi antes, o talento ou a intelixencia?

Alexandra Panayotou, ultrafondista e coach. A súa ponencia versou sobre superación de barreiras emocionais.

José Palacios, enxeñeiro aeroespacial e emprendedor. A súa ponencia versou sobre adaptabilidade e recoñecemento de oportunidades para triunfar no estranxeiro.

José Miguel Martín, Catedrático e Investigador, Director del Laboratorio de Adhesión y Adhesivos del Departamento de Química Inorgánica de la Universidad de Alicante. A súa ponencia titulouna Serendipia pegada a Investigación.

Michael López-Alegría ten máis de tres décadas de experiencia en aviación e no espazo, desempeñando, na Marina dos EE.UU., e na NASA, múltiples funcións, entre elas aviador naval, piloto de probas de enxeñería e director do programa, astronauta e comandante da Estación Espacial Internacional e presidente da Federación de Vuelos Espaciais Comerciais (LCR). Como astronauta, participou en catro misións e completou 10 paseos espaciais, acumulando 257 días fera da terra.

Tamén contaron as súas experiencias Sandra Cifuentes e Cristina Tobías, como representantes de talentos temperáns.

Valentín de Torres-Solanot, coordinador do I International Young Talent Seminar, e verdadeiro artífice destas xornadas, clausurou as conferencias do evento. A súa ponencia tratou sobre o cambio disruptivo tecnolóxico, o futuro e as ferramentas que permiten desenvolvelo.

Outros protagonistas da actualidade que tamén asistiron ao IYTS:

Sandra Cifuentes, Investigadora, Doctora en Ciencia e Ingeniería de Materiales e Ingeniería Química.

César Velasco Muñoz, Subdirector del Hospital Clínico de Zaragoza.

Celia Sánchez Ramos, Investigadora, Doutora en Medicina Preventiva e Saúde Pública e en Ciencias da Visión.

Ana Pizarro, fotógrafa, blogueira e activista plus-size.

Foi en fin, unha xornada sorprendente, distinta, na que case 500 alumnos e alumnas excelentes escoitaron as experiencias e as vivencias que subliñaban a necesidade do risco, da oportunidade, da adaptabilidade, da necesidade de coñecer outros lugares, do esforzo... Recibiron, en suma, unha sorte de recomendacións e de suxerencias para que as oportunidades os poidan atopar... traballando, que é a verdadeira clave do éxito!

Noraboa pois a os organizadores deste evento, a Valentín de Torres-Solanot pola súa idea e inicitativa, e aos nosos alumnos e alumnas polo seu traballo, hoxe recoñecido....

De 2º BACH: Sara Canto González, Martín García Lorenzo, Alba González Pérez e Cristina Martínez García.

De 1º BACH: Celso Aenlle Currás, Irene Duinkerken Rodríguez e María Redondo Peña.